

ELEMENTOS DUNHA COMPOSICIÓN VISUAL

1

AS LIÑAS

Toda obra visual contén liñas, poden ser rectas, curvas, espirais, quebradas... as mesmas liñas forman ángulos en diferentes graos cando se cortan.

Son elementos básicos de calquera obra visual xa sexa un debuxo, unha fotografía, un graffiti ou mesmo unha obra arquitectónica.

Recorda que podes empregar si o necesitas regras, escuadras e cartabóns, así como transportador de ángulos.

2

AS FORMAS

As formas son os espazos entre as liñas. Estas formas poden ser xeométricas, delimitadas por liñas e ángulos máis marcados, ou ben poden ser máis orgánicas como as que podemos atopar na natureza, por exemplo masas de auga ou nubes.

3

O VOLUME

A cor ou a ausencia de cor son parte fundamental dunha obra visual. As cores poden transmitir emocións segundo as súas tonalidades, determinar claros e sombras segundo a súa saturación ou intensidade e incluso determinar profundidades. Nas mesmas fotografías que comezaron sendo en branco e negro podes apreciar infinidade de tons diferentes segundo a luz.

Son elementos básicos de calquera obra visual xa sexa un debuxo, unha fotografía, un graffiti ou mesmo unha obra arquitectónica.

Recorda que podes empregar si o necesitas regras, escuadras e cartabóns, así como transportador de ángulos.

4

AS TEXTURAS

Empregar diferentes materiais en distintos soportes achegará unha textura diferente a cada obra. Non produce a mesma sensación un óleo aplicado con paleta sobre lenzo que unha acuarela diluída aplicada sobre papel. É importante, e ademais divertido, experimentar diferentes texturas e observar que sensacións transmiten.

5

A COMPOSICIÓN

A organización de todos estes elementos no espazo gráfico, no soporte que imos utilizar para a nosa obra, é o que chamamos composición. Buscar unha composición equilibrada, interesante e estética será a guinda do noso pastel visual. Non teñas medo de experimentar e probar con diferentes composicións.